

NOTA INFORMATIVA SOBRE A ATENCIÓN PRESENCIAL NAS OFICINAS (actualizada o 28.05.2021)

28.05.2021

Desde o luns 18 de maio, retomouse a atención presencial nas oficinas da Axencia Tributaria de Galicia (incluídas oficinas liquidadoras) para determinados trámites **con cita previa**.

O calendario de citas está aberto de forma permanente nun rango de 15 días.

Nestes momentos os trámites para os cales se poderá solicitar cita previa presencial son:

- A **presentación de modelos 600, 620, 650, 651 e 660** (o interesado deberá acudir co modelo cuberto, que poderá confeccionar a través da Oficina Virtual Tributaria ou adquirilo nos estancos autorizados ou nas Oficinas de Distrito Hipotecario, no seu caso, coa cota tributaria ingresada nunha entidade colaboradora) e coa documentación requirida que poderá consultar nas guías dos impostos.
- **Solicitar certificado de ausencia de débedas.**
- **Solicitar información sobre algún expediente existente** ou trámite administrativo consecuencia dun procedemento de xestión ou recadación cuxa competencia corresponda a órganos da Axencia Tributaria de Galicia.

Dende o 10.05.2021 tamén se pode **solicitar cita previa para obter Información tributaria xeral** sobre Transmisións Patrimoniais, Vehículos, Sucesións, Doazóns, Recadación, Tributación sobre xogo, Tributos propios e taxas e Patrimonio. As citas de información tributaria xeral atenderanse exclusivamente de maneira telefónica.

A **información tributaria de carácter xeral** tamén se pode obter no **número de información ao contribuínte 881 955 800**, así como nos distintos números das [Oficinas Liquidadoras de Distrito Hipotecario da Provincia da Coruña](#) en horario de 9 a 14 horas. **Presencialmente non se facilita información tributaria nas Delegacións nin nas Oficinas.**

Para **solicitar cita previa no curso dun procedemento inspector**, deberase chamar ao número de teléfono que figura no escrito de comunicación de inicio de dito procedemento.

A presentación de escritos referidos a un expediente (formular alegacións, interpoñer recursos, atender a requirimentos, etc) **e de solicitudes** (copia dun expediente, rectificación de autoliquidacións, etc) poderá realizarse nos Rexistros da Xunta de Galicia con cita previa ou por calquera outro dos medios que indica o apartado 4 do artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Se conta con certificado dixital, DNI electrónico ou Chave 365 poderá realizar a presentación na sede electrónica da Xunta de Galicia polo Procedemento PR0004A. Con todo, as solicitudes de prórroga ou suspensión para a presentación do Imposto sobre sucesións deberán realizarse pola OV Tributaria se ten certificado dixital ou DNI electrónico.

Se un mesmo usuario desexa solicitar dúas ou máis citas no mesmo día deberá deixar entre ámbalas dúas, a lo menos, 60 minutos de diferenza.

O día da cita, **non debe presentarse na oficina de atención con máis de 5 minutos de antelación** á hora da cita e deberá levar o xustificante da mesma para que o persoal de control de accesos lle permita o acceso ao edificio.

Deberanse seguir as **medidas de protección** ás que fai referencia o Protocolo de medidas preventivas fronte ao coronavirus nos servizos de rexistro e atención á cidadanía. Estas medidas son as seguintes:

- O acceso ás oficinas de atención ao público realizarase de xeito individual.
- Será obrigatorio o uso de máscara en todo momento.
- Deberase manter unha distancia mínima de seguridade de 2 metros cos demais usuarios e co persoal de atención ao público.
- O tempo de permanencia dos usuarios no interior da oficina non pode superar os 15 minutos.

- Ao entrar no edificio deberase realizar unha adecuada hixiene das mans, empregando auga e xabón ou unha solución hidroalcohólica.
- O público visitante non poderá empregar os equipos informáticos, material de oficina ou outros obxectos dos empregados públicos.

Lémbrese ademais que pode **confeccionar, pagar e presentar telemáticamente** o Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, así como o Imposto sobre sucesións e doazóns na Oficina Virtual da Atriga, así como achegar a documentación pola aplicación "presentación de documentación".

Grazas pola súa colaboración